

Pandereteiras da Alén e Serafín Mourelle, mestras e mestre da memoria

Redacción | [@prazapublica](#)

A [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) celebrou este sábado a súa Asemblea Xeral de socios e socias, que acordou nomear *Escritora Galega Universal 2017* a autora portuguesa [Hélia Correia](#), distinción que se recollerá na *II Gala do Libro Galego* que terá lugar o 20 de maio na cidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, acordouse que [Pilar García Negro](#) sexa a próxima *Escritora na súa Terra – Letra E* e, polo tanto, recibirá unha homenaxe que este ano chega á súa vixésimo terceira edición; será no mes de xuño no Concello de Lugo.

Así mesmo a AELG decidiu outorgar ás [Pandereteiras da Alén](#) (Xirarga, Beariz, Ourense) Orosia Gil Ramos, Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos; e mais a [Serafín Mourelle](#) os *Premios Mestres/as da Memoria 2017*, galardóns que se entregarán na *II Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria* a celebrar en Lugo a finais da primavera.

As Pandereteiras da Alén son herdeiras do Xiles, Os Xilotes, criados ao calor da fragua, e levan toda unha longa vida animando os seráns e festas da súa comarca. Serafín Mourelle, mariñeiro e poeta, aos catorce anos embarcou de axudante de cociña, e chegou a converterse nun famoso patrón do Gran Sol. Nos anos sesenta, el foi un dos descubridores dos vizosos caladoiros de Porcupine, o volcán submarino situado ao oeste de Irlanda. Nunca esqueceu as súas orixes humildes e por iso dende hai moitos anos milita -*rara avis* entre os patróns- no PCE. Tamén é autor da novela *Cartas ao meu avó*, na que narra a súa aventura na mariña mercante, no banco Canario-Sahariano e nas augas do Gran Sol.

Alén de escoller o novo Consello Directivo da AELG, **aproboouse o programa de actividades para o ano, que inclúe como a máis próxima a celebración do vindeiro Día de Rosalía de Castro**. O programa aposta por continuar con actividades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os paseos literarios ou os obradoiros da Escola de Escritoras e Escritores; tamén a organización ou coorganización de xornadas de formación dirixidas ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea.

Tamén se reforzará o proxecto coordinado pola Sección de Literatura Oral coa celebración dunha nova *Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria* e a través da celebración de máis *polafías* e, no outono, dunha nova edición, a décima, da *Xornada de Literatura de Tradición Oral*, que este ano levará como título "Palabras con memoria". Tamén para o outono terá lugar na Coruña unha nova edición, a segunda, das *Xornadas de Literatura Dramática*; e mais, en Pontevedra, un congreso de poesía que fará unha revisión do xénero durante os últimos 40 anos.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.